



Instituto de Investigación Sanitaria
SANTIAGO DE COMPOSTELA

O verdadeiro COVID-19 dos nenos: O virus respiratorio sincitial ingresa no hospital a 1 de cada 56 lactantes que o padecen

Segundo un estudo publicado en Lancet Respiratory Medicine, principal revista do mundo en infeccións respiratorias e coidados críticos

É a causa máis frecuente de hospitalización nos lactantes

O 14% dos recentemente nados sans vai requirir atención médica como consecuencia dunha infección por virus respiratorio sincitial no seu primeiro ano de vida

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2022.- A revista *Lancet Respiratory Medicine*, publica esta semana un estudo sobre a infección por virus respiratorio sincitial levado a cabo polo consorcio internacional RESCEU e no que participa España a través do Hospital Clínico Universitario de Santiago e o seu grupo de investigación GENVIP do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS), liderado por Federico Martínón e Antonio Salas. Este estudo foi financiado por IMI2 (Innovative Medicines Initiative 2 Joint Undertaking) co soporte do programa europeo Horizonte 2020, e xa orixinou máis de 30 artigos orixinais ata a data nas principais revistas científicas do mundo.

En palabras do doutor Martínón, xefe do Servizo de Pediatría do Hospital Clínico de Santiago, “a importancia do noso artigo, a razón de que se publique na revista máis importante de infeccións respiratorias e coidados críticos, cun factor impacto superior a 100, é a alta precisión no dato que achegamos, tras o seguimento de máis de 9.000 recentemente nados sans durante polo menos 1 ano, vixiando especificamente que sucedía co virus respiratorio sincitial”. Coa participación de 5 países, parte do consorcio RESCEU, e financiado polo programa europeo de investigación, o traballo mostra que 1 de cada 56 recentemente nados sans que se infecta por virus respiratorio sincitial, acaba ingresando no hospital. “Son datos para países de alto nivel económico, e ratifican a enorme carga de enfermidade e sufrimento que o VRS supón para os nenos, e é que VRS é o verdadeiro COVID-19 dos nenos”.

“En contornas máis desfavorecidas, a cousa aínda é peor, e de feito aí prodúcese a maioría dos 60.000 falecementos que cada ano causa o VRS en lactantes”, asevera o doutor Martínón, que asina este artigo xunto coa doutora Dacosta, como parte do consorcio europeo RESCEU.

Gabinete de Comunicación e Imaxe
Área Sanitaria de Santiago de Compostela
Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago
<http://xisantiago.sergas.es>
<http://www.fidisantiago.es>
981 950 023 / 629 25 37 54 / 981 950 967 / 629 932 323
Hospital Clínico.Travesía da Choupana s/n
Santiago de Compostela 15706

 @santiagosergas

 (@fidis_santiago)

 @santiago.sergas

 @FIDIS.Santiago



Instituto de Investigación Sanitaria
SANTIAGO DE COMPOSTELA

O VRS, que infecta practicamente a todos os nenos menores de dous anos, é a principal causa mundial de infeccións agudas das vías respiratorias baixas en nenos pequenos e asóciase cunha alta morbilidade e mortalidade infantil. Estímase que cada ano, o VRS causa aproximadamente 34 millóns de novos episodios de infección pulmonar en nenos en todo o mundo, e 3.2 millóns de ingresos hospitalarios.

“O VRS é o inimigo número un dos lactantes, só neste mes ingresaron máis nenos por esta infección en Santiago, que por COVID-19 en toda Galicia no total da pandemia.” Levamos moitos anos traballando en VRS, pero o salto cualitativo foi nestes últimos anos. Só no Hospital Clínico de Santiago traballamos no desenvolvemento clínico de máis dunha ducia de solucións, entre antivirais, anticorpos monoclonais e vacinas para a muller embarazada, o lactante ou as persoas de idade avanzada.”

A recente aprobación pola axencia europea do medicamento dun anticorpo monoclonal para prevención do VRS en todos os lactantes, e a inminente chegada de vacinas para as embarazadas co mesmo obxectivo, marca un antes e un despois, unha revolución necesaria para poñer fin á infección máis temida nos nosos lactantes”, subliña Federico Martinón, tamén xefe do Servizo de Pediatría da área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza.

Acerca de GENVIP, Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago

O grupo de investigación de Xenética, Vacinas, Infeccións e Pediatría (GENVIP-www.genvip.org) do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago, nace no ano 2008 co desafío de avanzar no coñecemento das infeccións pediátricas, facilitando o desenvolvemento de novas abordaxes diagnósticas e terapéuticas, vacinas e estratexias personalizadas de prevención. GENVIP esta integrado no servizo de Pediatría Clínica, Infectolóxica e Traslacional do Hospital Clínico Universitario de Santiago (Premio BIC á mellor unidade de infeccións 2018, 2019 e 2020). GENVIP conta cun equipo multidisciplinar de 40 investigadores integrado por pediatras, xenetistas, biólogos, inmunólogos, bioinformáticos, matemáticos, farmacéuticos, e enfermería de investigación.

GENVIP dirixiu máis de 100 ensaios clínicos de vacinas e 50 proxectos de investigación (entre eles 9 proxectos con financiación europea FP7, H2020, ou IMI2). GENVIP lidera diferentes redes e consorcios nacionais e internacionais de investigación en enfermidades infecciosas, como a Rede Española de Ensaos Clínicos Pediátricos (RECLIP).


GENVIP recibiu o premio Zental international award (2019) pola súa traxectoria.

Saúdos,

Gabinete de Comunicación e Imaxe
Área Sanitaria de Santiago de Compostela
Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago
<http://xxisantiago.sergas.es>
<http://www.fidisantiago.es>
981 950 023 / 629 25 37 54 / 981 950 967 / 629 932 323
Hospital Clínico.Travesía da Choupana s/n
Santiago de Compostela 15706



@santiagosergas



@fidis_santiago



@santiago.sergas



@FIDIS.Santiago